

2023

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA


2023

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA

Índice Memoria de Xestión 2023

Índice xeral.....	V	Capítulo 5. Recursos humanos	113
Índice de cadros.....	VII	Persoal docente e investigador (PDI)	
Introdución.....	XIII	Persoal técnico de xestión e de administración e servizos (PTXAS)	
Capítulo 1. A UDC en cifras	1	Persoal investigador (INV)	
Capítulo 2. Órganos de Goberno	3	Internacionalización	
Equipo reitoral		Capítulo 6. Xestión económica	121
Secretaría Xeral		Evolución do orzamento	
Xerencia		Liquidación do orzamento	
Claustro Universitario		Capítulo 7. Servizos.....	125
Consello Social		Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)	
Valedora Universitaria		Biblioteca Universitaria	
Consello de Goberno		Unidade Técnica de Calidade (UTC)	
Capítulo 3. Área académica.....	15	Informática e Comunicacóns (SIC)	
Estrutura		Servizo de Normalización Lingüística	
Oferta académica		Servizo de Apoio á Investigación (SAI)	
Resultados		Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo	
Seguimento		Asesoría Xurídica	
Bolsas e axudas		Cooperación e Voluntariado	
Internacionalización		ADI (Unidade de Atención á Diversidade)	
Capítulo 4. Área de investigación	87	Centro de Linguas	
Estrutura		Servizo de Publicacións	
Proxectos, contratos e financiamento		Extensión Universitaria	
Bolsas e axudas			
Resultados e transferencia			
Centros de investigación			



Índice de cadros MEMORIA 2023

	Páxina
03 Área académica	
Estrutura	
3.1 Centros e decanos/as e directores/as	16
3.2 Departamentos e directores/as	17
3.3 Escola Internacional de Doutoramento	21
3.4 Universidade Sénior	21
3.5 Centro de Linguas	21
Oferta	
3.6 Oferta académica no curso 2023-2024. Graos	22
3.7 Oferta académica no curso 2023-2024. Programas de simultaneidade	23
3.8 Oferta académica no curso 2023-2024. Másteres	24
3.9 Oferta académica no curso 2023-2024. Programas de doutoramento	26
3.10 Oferta de titulacións non oficiais e formación complementaria en 2023-2024	27
Resultados	
<i>Ensinanzas oficiais</i>	
3.11 Alumnado da UDC no curso 2023-2024	28
3.12 Evolución da matrícula total na UDC	29
3.13 Alumnado de novo ingreso en graos da UDC en 2023-2024	29
3.14 Alumnado egresado da UDC en 2022-2023	30
3.15 Alumnado de grao en 2023-2024 por titulación	31
3.16 Alumnado de másteres oficiais en 2023-2024	33
3.17 Alumnado de programas de doutoramento en 2023-2024	35
3.18 Egresados/as en 2022-2023 por titulación. Grao	36
3.19 Egresados/as en 2022-2023 por titulación. Máster	38
3.20 Teses lidas en 2022-2023 por programa e sexo	40
3.21 Matrícula en graos en 2023-2024 por procedencia	41
3.22 Evolución da matrícula nos graos	42
3.23 Evolución da matrícula nos másteres oficiais	44
3.24 Evolución da matrícula nos programas de doutoramento	46
3.25 Evolución do alumnado de novo ingreso por titulación	47
3.26 Evolución do número de graduados/as por titulación	49
3.27 Evolución do número de egresados/as de másteres por titulación	51
3.28 Evolución do número de teses de doutoramento defendidas	53
3.29 Taxas de rendemento, éxito e avaliación en 2022-2023	54
3.30 Taxas de eficiencia, éxito e avaliación de egresados en 2022-2023	56

	Páxina
Ensinanzas non oficiais	
3.31 Matrícula en estudos propios en 2022-2023	58
3.32 Evolución da matrícula na Universidade Sénior	58
3.33 Matrícula en actividades de formación complementaria en 2023-2024	59
Seguimento	
Guías docentes	
3.34 Evolución da implantación de títulos	60
3.35 Evolución do número de títulos implantados	60
3.36 Evolución dos cursos, materias e guías implantados en graos	60
3.37 Evolución da porcentaxe de graos implantados por cursos	61
3.38 Evolución da porcentaxe de guías elaboradas por graos implantados	61
3.39 Evolución dos cursos, materias e guías elaborados en másteres	62
3.40 Porcentaxe de guías elaboradas por cursos de másteres implantados	62
Avaliación docente	
3.41 Participación na avaliación docente en 2022-2023	62
3.42 Participación do profesorado na avaliación docente en 2022-2023 por departamento	63
3.43 Participación do alumnado na avaliación docente en 2022-2023 por centro	64
Bolsas e axudas	
3.44 Bolsas do programa xeral e de mobilidade do Ministerio de Educación	65
3.45 Bolsas do Ministerio de Educación para colaboración en departamentos	65
3.46 Evolución do número de bolsas UDC-Santander para estudos de máster	65
3.47 Evolución do número de bolsas propias da UDC	65
3.48 Evolución da contía das bolsas propias da UDC	65
3.49 Evolución das bolsas da UDC para situacións de dificultades económicas	66
3.50 Prazas nas residencias públicas da UDC en 2022-2023	66
3.51 Evolución do número e contía dos Premios á Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos en 2022-2023	66
3.52 Premios á Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos en 2022-2023	67
3.53 Premios Extraordinarios Fin de Grao en 2022-2023	68
3.54 Premios Extraordinarios Fin de Máster en 2022-2023	70
3.55 Premios Extraordinarios de Doutoramento en 2021-2022	73
Internacionalización	
3.56 Mobilidade internacional do estudantado en 2022-2023	73
3.57 Mobilidade internacional do estudantado por centros en 2022-2023	74
3.58 Mobilidade internacional do alumnado por países en 2022-2023	75
3.59 Procedencia do alumnado da International Summer School en 2023 na Coruña	77
3.60 Participación nos programas de mellora das competencias lingüísticas	77
3.61 Participantes no programa de profesorado visitante procedente de países de fala inglesa	78
3.62 Evolución do número de axudas para a internacionalización	78
3.63 Evolución do alumnado estranxeiro matriculado na UDC	78
3.64 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2023-2024 por nacionalidade	79
3.65 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2023-2024 por ciclo	81
3.66 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2023-2024 por centro	83

	Páxina
3.67 Evolución dos profesores que imparten materias con docencia en inglés	84
3.68 Evolución do número de materias e créditos ofertados en inglés	84
3.69 Evolución do número de estudantes matriculados en titulacións bilingües	85
04 Área de investigación	
Estrutura	
4.1 Institutos de investigación	88
4.2 Centros de investigación	88
4.3 Fundacións participadas pola UDC	89
4.4 Grupos de investigación en 2023	90
4.5 Unidades de investigación en 2023	93
4.6 Investigadores individuais	94
Proxectos, contratos e financiamento	
4.7 Evolución dos recursos externos captados pola UDC para investigación	95
4.8 Evolución dos recursos captados en proxectos competitivos	95
4.9 Axudas autonómicas a unidades de investigación competitivas en 2023	95
4.10 Número de contratos e convenios de investigación da UDC con empresas e administracións públicas	96
4.11 Importe dos contratos e convenios de investigación con empresas e administracións públicas	96
Bolsas e axudas	
4.12 Evolución das bolsas e contratos de investigación por sexo	97
Resultados e transferencia	
4.13 Producción da UDC na base de datos Web of Science	98
4.14 Evolución do número de artigos da UDC na base de datos Web of Science	98
4.15 Evolución dos resultados da investigación xerada na UDC e protexidos pola propiedade industrial e intelectual	99
4.16 Ingresos por licenzas de tecnoloxías ou coñecemento xerado na UDC	99
4.17 Evolución do número de empresas start-up creadas e spin-offs participadas pola UDC	99
4.18 Captación de talento e solicitudes ao European Research Council en 2023	99
4.19 Evolución do número de sexenios dos corpos docentes universitarios	100
4.20 Sexenios do corpo docente universitario en 2023	100
Centros de investigación	
CITIC	
4.21 Evolución dos recursos de I+D+i xestionados polo CITIC segundo procedencia	101
4.22 Evolución dos recursos captados polo CITIC segundo tipoloxía do proxecto	101
4.23 Evolución dos recursos xestionados polo CITIC	101
4.24 Evolución da produción científica e tecnolóxica do CITIC	102
4.25 Evolución do equipo científico e de xestión do CITIC	102
CITEEC	
4.26 Proxectos de investigación con soporte no CITEEC	103
4.27 Convenios con empresas con soporte no CITEEC	103
4.28 Comparativa da evolución de proxectos de investigación e convenios con empresas no CITEEC	104
4.29 Evolución do total de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	104
4.30 Evolución do financiamento de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	105
4.31 Grupos de investigación vencellados ao CITEEC que tiveron axudas de consolidación en 2023	105

	Páxina
4.32 Integrantes dos grupos de investigadores e persoal técnico adscritos ao CITEEC segundo sexo	106
4.33 Proxectos e convenios acadados nos grupos de investigación do CITEEC segundo sexo	106
CIT	
4.34 Evolución do número de proxectos de investigación no CIT	107
4.35 Evolución do orzamento executado polos grupos do CIT	107
4.36 Evolución do número de contratos de asistencia técnica do CIT	108
4.37 Evolución do número de empresas con que traballaron os grupos do CIT	108
4.38 Número de artigos publicados en revistas recollidas no SCI	109
4.39 Persoal vinculado ao CIT en 2023 segundo sexo	109
CICA	
4.40 Evolución das principais cifras do CICA	110
4.41 Persoal do CICA en 2023 segundo sexo	110
4.42 Evolución de investigadores/as con axudas ou bolsas no CICA	110
4.43 Evolución do número e o importe dos proxectos do CICA	111
4.44 Participación nos proxectos do CICA en 2023 por sexo	111
4.45 Evolución do número e o importe dos contratos e convenios do CICA	111
05 Recursos humanos	
Persoal docente e investigador (PDI)	
5.1 Profesorado en 2023 (decembro) por categoría, sexo e dedicación	114
5.2 Persoal docente e investigador en 2023 segundo réxime xurídico	114
5.3 PDI doutor en 2023 por centro	115
5.4 Evolución dos corpos docentes universitarios	116
5.5 PDI por grupo de idade e sexo en 2023	116
5.6 PDI por categoría, sexo e grupo que en 5 anos terán 60, 65 e 70 anos	116
Persoal técnico de xestión e de administración e servizos (PTXAS)	
5.7 PTXAS funcionario en 2023 por escala, sexo e grupo	117
5.8 Evolución do PTXAS por tipo de persoal	117
Persoal investigador (INV)	
5.9 Persoal investigador en 2023 por categoría e sexo	118
5.10 Evolución do persoal administrativo contratado en proxectos de investigación	118
5.11 Evolución do persoal técnico de apoio contratado en proxectos de investigación, por sexo	118
Internacionalización	
5.12 Evolución do número de participantes en Erasmus STT (formación) (PTXAS+PDI)	119
5.13 Evolución da mobilidade do PDI do programa Erasmus STA	119
5.14 Evolución do número de investigadores/as visitantes	120
06 Xestión económica	
6.1 Evolución xeral do orzamento da UDC	122
6.2 Evolución do orzamento da UDC por capítulos	123
Liquidación do orzamento	
6.3 Liquidación do estado de ingresos do exercicio 2022	124
6.4 Liquidación do estado de gastos do exercicio 2022	124

07 Servizos		
Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)		
7.1	Tráfico de visitas á páxina web do CUFIE (setembro 2022 - xullo 2023)	126
7.2	Formación virtual e a distancia no curso 2022-2023	126
7.3	Participación nos cursos de apoio á aprendizaxe no curso 2022-2023	126
7.4	Participación no Plan de apoio ao doutoramento e á investigación	127
7.5	Participación no Plan de Formación Inicial en 2022-2023	127
7.6	Programas de apoio ao ensino no curso 2022-2023	127
7.7	Formación ofertada polo CUFIE en colaboración con outros servizos no curso 2022-2023	127
7.8	Evolución do número de proxectos e experiencias de aprendizaxe-servizo presentados	128
7.9	Grupos de Innovación Educativa presentados en 2022-2023	128
7.10	Cursos Mooc da UDC impartidos en 2022-2023	128
7.11	Sesións formativas en directo en 2023 en Obradoiros adicados a ferramentas Microsoft 365	128
Biblioteca Universitaria		
7.12	Evolución do gasto total en fondos bibliográficos e documentais 2019-2023	129
7.13	Evolución do investimento da UDC en revistas e bases de datos 2019-2023	129
7.14	Evolución de usuarios, persoal e instalacións da Biblioteca Universitaria 2019-2023	129
7.15	Evolución das coleccións e dos recursos da Biblioteca Universitaria 2019-2023	130
7.16	Evolución do uso de servizos da Biblioteca Universitaria 2019-2023	131
7.17	Evolución dos indicadores básicos da Biblioteca Universitaria 2019-2023	131
7.18	Evolución do número de usuarios por sectores 2019-2023	131
Unidade Técnica de Calidade		
7.19	Informes anuais de seguimento por título presentados e recibidos	132
7.20	Graos e másteres universitarios da UDC, ou que coordina esta, que renovaron a súa acreditación en 2023	132
7.21	Centros que renovaron a certificación da implantación do SGC en 2023	133
7.22	Participación do profesorado na XI convocatoria do Programa Docencia	133
7.23	Certificacións e acreditacións por normas ISO en 2023	133
Informática e Comunicacóns (SIC)		
7.24	Evolución da actividade do Servizo de Informática e Comunicacóns	134
Servizo de Normalización Lingüística		
7.25	Evolución do asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística 2019-2023	138
7.26	Cursos de lingua para profesorado en 2022-2023	138
7.27	Axudas á investigación en lingua galega en 2023	138
7.28	Evolución das axudas a traballos de investigación en lingua galega 2019-2023	138
Servizo de Apoio á Investigación (SAI)		
7.29	Evolución do número de mostras rexistradas no SAI	139
7.30	Evolución do número de mostras segundo o tipo de usuario	139
7.31	Distribución porcentual das mostras do SAI en 2023 segundo o tipo de usuario	139
7.32	Distribución das mostras do SAI en 2023 segundo departamento	140
7.33	Análises realizadas polo SAI en 2023 por áreas da UDC	141

Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo	
7.34	Asentos realizados polo Rexistro da UDC en 2023 142
7.35	Asentos realizados polo Rexistro telemático da UDC en 2023 142
7.36	Certificados FNMT rexistrados pola UDC en 2023 142
Asesoría Xurídica	
7.37	Apuntamentos en 2023 143
7.38	Procedementos iniciados e finalizados en 2023 143
7.39	Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2023 143
7.40	Orde xurisdiccional contencioso-administrativa en 2023 144
7.41	Orde xurisdiccional social en 2023 145
7.42	Orde xurisdiccional penal en 2023 145
7.43	Evolución do número de procedementos 2019-2023 146
7.44	Actuacións da Asesoría Xurídica en 2023 146
Cooperación e Voluntariado	
7.45	Voluntariado por eido de actuación no campus da Coruña e Ferrol en 2023 147
7.46	Proxectos de Aprendizaxe e Servizo (Aps) 147
ADI (Unidade de Atención á Diversidade)	
7.47	Evolución dos beneficiarios con exención de taxas por discapacidade 148
7.48	Evolución das solicitudes de servizos para persoas que piden exención de taxas por discapacidade 148
7.49	Evolución das bolsas da UDC para atención á diversidade 148
7.50	Estudantes en prácticas na Unidade de Atención á Diversidade 149
7.51	Actividades da Aula de Formación en Diversidade en 2022-2023 149
Centro de Linguas	
7.52	Estudantes matriculados no Centro de Linguas en 2023 150
7.53	Evolución da matrícula global no Centro de Linguas 150
7.54	Número de estudantes de linguas estranxeiras en 2023 por idiomas 151
7.55	Número de estudantes de linguas estranxeiras en 2023 por campus 151
7.56	Matrícula en actividades complementarias do Centro de Linguas en 2023 151
Servizo de Publicacións	
7.57	Principais datos do Servizo de Publicacións en 2023 152
7.58	Evolución das consultas de revistas electrónicas en 2023 152
7.59	Evolución do número de publicacións da UDC 152
7.60	Evolución do intercambio de libros e revistas do Servizo de Publicacións 153
7.61	Evolución das vendas do Servizo de Publicacións 153
Extensión Universitaria	
7.62	Principais cifras na Área de Deportes en 2023 154
7.63	Participación de deportistas da UDC nos Campionatos Universitarios en 2023 154
7.64	Modalidades e participantes nas ligas deportivas internas universitarias en 2023 154
7.65	Participación nos campamentos de cultura e deporte en 2023 154
7.66	Modalidade e participación de deportistas por sexo no curso 2022-2023, campus da Coruña 155
7.67	Modalidade e participación de deportistas por sexo no curso 2022-2023, campus de Ferrol 155
7.68	Relación de colaboracións económicas concedidas segundo a convocatoria de axudas para a celebración de xornadas, simposios e ciclos de conferencias con data 8 de febreiro de 2023 156
7.69	Cursos de Verán acollidos á convocatoria de axudas para a realización de Cursos de Verán 2023 da UDC convocada con data do 6 de febreiro de 2023 157

Introdución

Cumprindo o mandato estatutario, que establece que o reitor debe render contas ante o Claustro cunha memoria anual de xestión, presento nas páxinas que seguen a correspondente ao ano 2023. Como en ocasións anteriores, xunto cos cadros que reflicten a actividade da comunidade universitaria, incluimos un texto introdutorio, analítico e explicativo que pretende facilitar a contextualización dos datos aquí recollidos.

■ OFERTA ACADÉMICA

Na actualidade, a Universidade da Coruña conta cunha oferta docente consolidada, actualizada e preparada para dar resposta con garantía ás necesidades e aos requirimentos presentes e futuros, e para ter un papel decisivo na acción educativa e cultural que demande a sociedade. Un bo exemplo son as novas titulacións de grao, implantadas a partir do curso académico 2018-19, que destacan por ser pioneiras no SUG, polas competencias que lle outorgan ao estudantado, pola súa avanzada xestión académico-administrativa, polas metodoloxías que se empregan e pola súa vinculación aos campus de especialización da UDC. Por todo iso, e polas súas características diferenciadas, moitas das titulacións da UDC están a se converter nun referente educativo, tanto dentro do sistema universitario galego como a nivel estatal.

No curso 2023-2024, ofertáronse 43 graos nas diferentes ramas de coñecemento, 7 programas de simultaneidade e 2 graos abertos. Algunhas das titulacións que conforman o catálogo de graos da UDC son únicas no sistema universitario galego. A oferta de másteres universitarios une especialización, visión

global e innovación. Trátase dunha oferta ampla e equilibrada, pois conta con 62 propostas, pertencentes a distintas ramas de coñecemento. Neste curso comezaron a se impartir 4 novos másteres interuniversitarios: Fabricación Aditiva, Patrimonio Cultural Dixital, Xestión Sostible da Auga e Ciencia e Tecnoloxías de Información Cuántica. Así mesmo, é importante salientar que a calidade dos másteres da UDC se viu novamente recoñecida pola concesión do selo de excelencia ao máster en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental, na cuarta convocatoria de Mención de Máster Universitario Excelente da Xunta de Galicia. A concesión deste distintivo de calidade converte a UDC na universidade do SUG que máis selos ten até o momento, ao estar en posesión de oito dos doce selos outorgados.

No que atinxe aos estudos de doutoramento, a UDC conta con 39 programas de doutoramento. Tanto a demanda dos programas de doutoramento como a súa produtividade mostran a estabilidade destes estudos. Así, a matrícula total e o número de teses defendidas son moi similares desde hai tres cursos académicos, cunha matrícula que supera os 1 200 estudantes (1 260 no curso 2023-2024) e máis dun centenar de teses defendidas cada ano (109 no curso 2022-2023). O grao de internacionalización dos estudos de doutoramento seguiu a ser importante, pois 44 teses recibiron a mención internacional. A esta internacionalización contribuíu en gran medida o programa inMOTION —o programa INDITEX-UDC de axudas á mobilidade dos estudantes de doutoramento que distingue a UDC de moitas outras universidades— que en 2023 beneficiou 25 estudantes. Cómpre destacar que INDITEX aceptou incrementar en 30 000 euros a achega anual a este programa a partir de 2024, por tanto, a súa contía será

de 130 000 euros anuais. Outra das actividades que se levou a cabo no ano 2023 foi a redacción dun novo Regulamento de estudos de doutoramento, adaptado ao Real decreto 576/2023, aprobado a finais de xullo de 2023, que modifica considerablemente a regulación sobre as ensinanzas oficiais de doutoramento en vigor desde 2011. A elaboración do novo regulamento coordinouse coas outras universidades do SUG co fin de ter un marco regulamentario homoxéneo, que facilite a xestión dos numerosos programas de doutoramento interuniversitario.

Canto á evolución da matrícula nas diferentes titulacións da UDC mantívose en cifras similares ás do último curso. O número de estudantes de grao experimentou un ascenso ao pasar de 13 578 matriculados/as no curso 2022-2023 a 13 746 no 2023-2024. O número de estudantes de másteres sufriu un leve descenso, ao se matricular 32 estudantes menos que no curso pasado. Non obstante, cómpre lembrar a tendencia de crecemento ininterrompida dos últimos anos, que levou a un incremento da matrícula nestes estudos superior ao 50 %, respecto ao número de matriculados no curso 2014-2015.

Estamos, pois, nunha fase de consolidación da estrutura completa das titulacións. O desenvolvemento pleno desta nova estrutura fai necesaria a avaliación continua do impacto das novas actividades. Como consecuencia desta avaliación realizáronse distintas reformas das normativas académicas para as adaptar ás necesidades organizativas e de recursos dos centros, e aos distintos cambios normativos da lexislación estatal e autonómica. A propósito destes últimos, cabe salientar o esforzo que está a supor a adaptación ao Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. Ademais, estase a poñer en marcha un novo software de xestión académica, SIGMA Academic. Despois de levar a cabo, durante o curso 2021-22, o preproxecto de implantación, no

curso 2022-2023 comezouse a implantación do software nos procesos necesarios durante o ciclo de vida dos másteres universitarios, así como dos títulos propios da UDC. Implantáronse con éxito procesos de preinscrición, matrícula, expedientes, actas etc., que afectaron a varios servizos da UDC así como a equipos directivos das diferentes facultades e escolas e á comunidade universitaria no seu conxunto. Nos próximos cursos completárase a implantación nos ciclos de vida dos graos e doutoramentos.

Todos os títulos propios foron adaptados ao novo Regulamento de estudos propios, aprobado na sesión do Consello de Goberno de 20 de decembro de 2022. Así mesmo, ofertáronse por primeira vez microcredenciais. A exitosa experiencia de “Espazo Compartido” viu adecuadamente recoñecidas as súas particularidades como curso de formación específica para persoas con diversidade funcional. Este ano tamén se aprobou o Regulamento de traballos fin de estudos dos títulos propios de posgrao, aplicable aos másteres de formación permanente, diplomas de especialización e de experto. A finalización do proceso de implantación de SIGMA permitiu, por unha banda, axilizar a xestión académica, económica e administrativa destes estudos e facilitar o seguimento da súa calidade e, por outra, a integración automática das materias dos estudos propios no novo Moodle udconline. Cómpre dicir que se realizou unha posta ao día da páxina web da UEP con información actualizada e máis accesible para estudantes e coordinadores/as de estudos. Outra das novidades de 2023 foi que o pleno do Consello Social aprobou a actualización dos prezos públicos dos títulos propios. Tamén se finalizou a elaboración do Sistema Interno de Garantía de Calidade para a Unidade de Estudos Propios, que será remitido á ACSUG, tras a súa aprobación na primeira sesión da Comisión de Estudos Propios de 2024.

Canto á área de calidade, estívose a traballar na nova aplicación informática para a xestión dos Sis-

temas de Garantía de Calidade (SGC) dos centros e na revisión da adaptación da documentación dos SGC que estes están a realizar (13 centros). Desde a Unidade Técnica de Calidade déuselle apoio aos centros, á Unidade de Estudos Propios e á Escola Internacional de Doutoramento nos procesos de deseño, renovación da certificación da implantación e modificación dos SGC. Tamén recibiron asesoramento e apoio para elaborar o autoinforme e recompillar as evidencias e os indicadores para desenvolver os procesos de seguimento anual de títulos e de renovación da acreditación, que se lle envían á ACSUG. Revisáronse 10 autoinformes de seguimento (4 graos, 4 másteres e 2 programas de doutoramento) e 7 autoinformes de renovación de acreditación. Así mesmo, proporcionóuselles asesoramento na elaboración das accións de mellora e alegacións para dar resposta aos informes provisionais da ACSUG de seguimento anual e de renovación da acreditación. No ano 2023, publicouse a XII Convocatoria do Programa Docentia. Avaliáronse un total de 95 docentes. Cabe facer unha valoración positiva dos resultados das valoracións finais acadadas, pois un 49,47 % obtivo unha valoración de desempeño excelente (16 profesores/as recibiron un certificado de excelencia) e un 50,53 %, de desempeño notable.

Durante este curso, o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) apostou pola formación permanente do profesorado e do estudante da UDC a través dos diferentes plans formativos que oferta e que permiten realizar boa parte da formación en formato virtual síncrono ou asíncrono. No que se refire á innovación, o CUFIE xunto coa OCV publicou unha nova convocatoria de proxectos de Aprendizaxe e Servizo, que deu como resultado a certificación de 52 proxectos. Isto supón un incremento de 21 proxectos con respecto ao curso 2021-22. Ao abeiro da nova Normativa de constitución e recoñecemento de grupos de innovación docente (GID), que persegue unha avaliación máis obxectiva e baseada en evidencias, resolveuse a convocatoria

de 2022, a que se presentaran 74 GID, cun total de 594 integrantes rexistrados. Tras a avaliación por parte da Comisión Asesora de Innovación Docente, 70 GID obtiveron a categoría de “consolidados” e 4 a de “en vías de consolidación”. Trátase dun resultado moi positivo, pois mostra o importante grao de compromiso coa innovación docente do profesorado da UDC. Tamén no curso 2022-2023 se puxo en marcha a plataforma de formación en aberto UDCAberta (<https://udcaberta.udc.gal/>) a través da que se impartiron 3 cursos MOOC, en que se inscribiron 469 persoas, procedentes de 25 países diferentes.

No curso académico 2023-2024, na Universidade Sénior matriculáronse 901 persoas: 579 no campus da Coruña e 322 no de Ferrol. Cómpre destacar a súa ampla oferta formativa, que incluíu programas de grao e formación específica para egresados, e actividades complementarias a través de ciclos de conferencias, seminarios e obradoiros. Nos programas de Graduado Sénior na Coruña e Ferrol ofertáronse 20 e 17 materias respectivamente; nos de Formación Específica para Graduados/as na Coruña e Ferrol, 9 materias. A diversidade desta oferta permitiulle ao estudantado acceder a un amplo abano de áreas de coñecemento para enriquecer a súa formación e promover unha aprendizaxe integral. Ademais, a Universidade Sénior reforzou o seu compromiso co Proxecto de democratización do coñecemento ao incorporar o concello de Carballo, que se vén sumar aos de Zas, Betanzos, As Pontes, Ortigueira e Arteixo. Desde o seu inicio en 2018, este proxecto alcanzou xa as 21 edicións e nel participaron 697 persoas.

■ INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Durante o ano 2023 a Investigación e Transferencia na UDC seguiu a destacar polo fortalecemento dos grupos e os centros de investigación, cunha clara aposta pola captación de talento. O ano estivo mar-

cado pola preparación para a avaliación dos centros de investigación á convocatoria autonómica de centros CIGUS.

A captación de recursos externos para a investigación durante o ano 2023 ascendeu a 14,7 millóns de euros. Esta captación de recursos é similar a de anos anteriores, se ben en 2023 non houbo convocatoria para infraestruturas do Ministerio, o que determina a redución en comparación co ano 2022.

A estas axudas débemoslle engadir un total de 2,35 millóns conseguidos na convocatoria de consolidación de grupos de investigación da Xunta de Galicia, que se repartiron en 4 grupos de referencia competitiva e 7 novos grupos de potencial crecemento, ademais de resaltar 5 novos proxectos na modalidade de traxectoria excelente.

Neste ano 2023 tamén se asinaron 248 contratos con empresas, cun importe total de 5,98 millóns de euros, o que é tamén un máximo histórico para a UDC. A maioría, 167 contratos, foron xestionados pola Fundación da UDC (FUAC). Ademais, presentáronse un total de 16 patentes e 20 rexistros de Software.

Estas cifras de crecemento en proxectos pódense ver representadas, cando se analizan, pola contribución propia dos nosos centros de investigación. Como se pode observar, en todos se están a dar aumentos en proxectos competitivos. Así conseguiron 9,2 millóns de euros en proxectos por investigadores/as adscritos ao CITIC, 2,97 corresponden ao CITEEC, 2,3 ao CICA e 2,72 correspondentes ao CITENI.

Con respecto á captación de talento, cabe destacar a cifra de 60 novos investigadores/as en convocatorias competitivas, en que destaca a incorporación de 7 novos investigadores da convocatoria Ramón y Cajal. Neste apartado reverteuse a brecha de xénero, cun total de 29 homes fronte a 31 mulleres. Cabe sinalar tamén que a UDC logrou a captación de 2 novos in-

vestigadores da convocatoria ERC na modalidade de Consolidador.

No ano 2023 conseguiuase un fito no número de sexenios de investigación, cun total de 888 tramos avaliados positivamente. Aquí si existe unha brecha de xénero xa que a distribución destes sexenios é de 507 homes e 381 mulleres.

No relativo a transferencia cabe destacar que se crearon 2 novas spin-off e que a cantidade dos ingresos por licenzas de tecnoloxías ou coñecemento xerado na UDC foi de 126 349 €.

No que respecta ás publicacións científicas, a cifra no ano 2023 foi de 1 115 artigos, dos que 1 090 corresponden a artigos JCR. Estes datos son moi similares aos do 2022.

Por outra banda, durante o 2023 púxose en marcha a Oficina de Captación e Retención de Talento e conseguiuase unha axuda competitiva do ministerio para a dotación desta nova oficina cun total de 142 000 €.

■ ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

A UDC presenta un orzamento para o ano 2023 de 168,44 millóns de euros (168 442 809,17 €) o que supón un incremento nominal dun 13,87 % con respecto ao ano 2022.

O incremento de gastos de persoal foi do 6,52 % (110,61 millóns de euros fronte a 103,84 millóns de euros do ano anterior). A razón deste incremento veu motivada porque a finais do ano 2021 non se aprobou o incremento retributivo do 2,5 % para o ano 2022. Este incremento produciuse en febreiro de 2022. Posteriormente, houbo outro incremento retributivo do 1,5 % aprobado en outubro do mesmo ano, o cal tivo por obxectivo reducir o impacto causado pola infla-

ción. O gasto corrente, que supón un 11,84 %, incrementouse un 6,85 %, motivado polo incremento xeneralizado dos prezos, nomeadamente a inflación. As transferencias correntes ascenden a 5,14 millóns de euros, que representa un 3,05 % e se incrementan un 10,03 %. No apartado dos investimentos reais existe un incremento do gasto do 59,59 % e alcanza unha contía de 31,91 millóns de euros –co efecto arredondamento– o que representa un 18,95 %. Os incrementos veñen motivados polos proxectos Next Generation e pola consecución dunha maior contía de fondos procedentes de convenios de I+D+i, principalmente no eido autonómico.

No que se refire aos ingresos, o capítulo III acada un valor de 17,97 millóns de euros, o cal é moi similar ao do ano anterior, o que supón un incremento do 5,62 %. A principal fonte de financiamento da UDC son as transferencias correntes. Para o conxunto do capítulo IV –que representa un 61,96 %– hai un incremento con respecto ao ano 2022 dun 0,98 %, ao pasar de 103,35 millóns de euros a 104,362 millóns de euros. As transferencias por capital experimentan un incremento dun 26,88 %, ao pasaren de 26,71 millóns de euros no ano 2022 a 45,28 millóns de euros no ano 2023. De novo pódese comprobar o incremento dos investimentos procedentes de fondos NGEU e de convenios autonómicos co foco na I+D+i. O activo financeiro (0,50 millóns de euros) diminúe un 3,70 %, mais non é significativo no conxunto, xa que só representa un 0,30 %. Igualmente, os ingresos patrimoniais teñen un peso do 0,20 %, os cales non experimentan variación.

■ ORZAMENTO

A liquidación do orzamento do exercicio 2022 aprobouse no Consello de Goberno en xullo de 2023. Fíxose a auditoría e posteriormente foi aprobada polo Consello Social.

As principais conclusións da liquidación orzamentaria pódense concretar sinteticamente.

A execución total de 2022 acada o 82,47 % (84,77 % en 2021). Os pagamentos realizados situáronse no 96,11 %, experimentando un incremento con respecto ao ano 2021, no que a porcentaxe de pagos no exercicio foi dun 95,43 %. Isto segue a supor un bo grao de cumprimento cos provedores. A relación de dereitos recoñecidos netos e obrigas recoñecidas presenta un saldo positivo de 2,21 millóns de euros. A recadación neta continuou a mellorar pasando de 131,10 millóns de euros en 2021 a 151,18 millóns de euros en 2022. A análise por diferentes capítulos de gasto e ingresos pódese resumir como segue.

No caso das transferencias correntes a cifra foi inferior ao previsto (99,777 millóns de euros fronte a 103,352 millóns de euros) debido a que parte das transferencias que ían ser correntes se contabilizaron como transferencias de capital. No caso dos ingresos patrimoniais estivo a piques de se acadar o ingreso previsto e xa se recuperou case o nivel previo á crise sanitaria (0,305 millóns fronte a 0,330 millóns de euros). Deste xeito comezaron a se celebrar eventos en recintos da Universidade (Reitoría, Paraninfo, salóns, etc.) con normalidade, polo que se cobran tarifas de uso. Por esta razón, a previsión inicial de 0,330 millóns estivo a piques de se cumprir, polo que se acadou un nivel preto dos 0,306 millóns de euros. No que se refire ás transferencias de capital os dereitos recoñecidos ascenden a 42,526 millóns de euros.

No caso dos gastos, con respecto aos gastos de persoal chegou aos 105,41 millóns de euros, mentres que o capítulo 2 acadou os 16,44 millóns de euros. Os gastos financeiros acadaron unha contía de 0,040 millóns de euros, se ben este dato en termos absolutos non é significativo. O pasivo financeiro acadou os 0,22 millóns de euros, o que representa a contía máis reducida dos últimos anos.

■ PROFESORADO

No ano 2023 mantívose a tendencia nas políticas de acceso e promoción do persoal docente e investigador da UDC, sempre condicionadas polo marco económico. Dunha parte, acadouse novamente o obxectivo de garantir que todo o profesorado interino de substitución que cobre docencia estrutural tivese a posibilidade de entrar na carreira académica mediante a creación do número necesario de prazas de axudante doutor/a, tendo en conta non só as necesidades actuais de reposición, senón as futuras. E doutra parte, mantívose a oferta de prazas de titular de universidade e de profesor/a permanente laboral para permitir a funcionarización ou estabilización do profesorado axudante doutor acreditado antes dos últimos anos de contrato. Ademais, mantívose a garantía do programa de retención e captación de talento, para permitir a estabilización dos/as investigadores/as captados mediante convocatorias de excelencia.

A Oferta de Emprego Público (OEP 2023) do persoal docente e investigador da UDC acadou as 74 prazas. Logo da negociación e o acordo cos órganos de representación do PDI, o Consello de Goberno, reunido o 27 de febreiro de 2023, destinou 29 das prazas ao corpo de profesorado titular de universidade e 34 prazas foron para a nova categoría de profesorado permanente laboral que substitúe a de contratado doutor. Finalmente, inclúense 11 prazas de catedrático/a de universidade polo procedemento de promoción interna. En aplicación do disposto na LOSU, 6 prazas de profesor/a permanente laboral e 4 de titular de universidade (15 % do total) reserváronse para incorporar persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3/R3. Estas prazas pódense ofertar para incorporar investigadores/as doutros programas de excelencia con acceso á dita certificación. A OEP reservou igualmente 4 prazas para persoas con discapacidade.

A execución da OEP, tras a convocatoria para establecer a correspondente prelación para a convocatoria de prazas, supuxo en 2023 a aprobación por parte do Consello de Goberno de 58 prazas de profesorado permanente: 10 de catedrático/a de universidade, 24 de profesor/a titular de universidade e 24 de profesor/a permanente laboral, o que permitiu a estabilización de 28 profesores/as axudantes doutores/as, 4 investigadores/as de programas de excelencia, e 2 máis do programa Beatriz Galindo, así como a captación dunha nova investigadora mediante unha praza vinculada ao SERGAS. Unha destas prazas corresponde á reserva para a captación de persoas con discapacidade.

Os aspectos económicos relativos ao mantemento da masa salarial constitúen a principal dificultade da nosa política de profesorado, e non mudaron nin coa aprobación do novo Plan de financiamento das universidades do SUG nin coa aprobación da nova Lei de universidades. O incremento anual de trienios e quinquenios correspondentes ao crecemento vexetativo do cadro de persoal, de complementos autonómicos e de sexenios de investigación supón que nos situemos no límite dos custos de persoal que fixan as leis de orzamentos para a UDC. Os recursos para financiar os importes correspondentes a estes conceptos, así como as contías das prazas para manter as figuras recollidas no II Convenio colectivo laboral con compromiso de estabilización e das prazas para facer fronte a necesidades urxentes e inaprazables son moi limitados e proceden basicamente das xubilacións.

Ademais dos acordos acadados para a aprobación e execución da oferta pública de emprego, destacan as seguintes medidas:

- Coa publicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, tendente á redución da temporalidade no emprego público, a UDC garantiu un ano máis que todo

o profesorado contratado interino de substitución que sexa estrutural e que conte cunha acreditación poida optar a unha praza de axudante doutor. En 2023 incrementáronse a 58 as prazas de profesor/a axudante doutor/a, das que 3 corresponderon á reserva para persoas con discapacidade.

- En 2023 convocáronse 142 concursos correspondentes a outras figuras de profesorado laboral: 42 de profesor/a asociado/a, 2 de profesor/a asociado/a de Ciencias da Saúde (vinculadas), 2 de contratado/a interino/a de substitución (figura en extinción) e 96 de profesor/a substituto/a, de acordo co disposto pola LOSU.
- 4 profesores/as titulares de escola universitaria adaptáronse á figura de titular de universidade e un profesor colaborador á de permanente laboral, de acordo co disposto pola LOSU.
- Nomeáronse 5 profesores eméritos e 6 profesores honorarios no ano 2023.
- O 26 de xaneiro de 2023, o Consello de Goberno aprobou a RPT do PDI da UDC do 31 de decembro de 2022.

■ INTERNACIONALIZACIÓN

No relativo aos programas de mobilidade internacional de estudos e persoal a través do programa Erasmus 2021-2027, realizáronse mobilidades a países non recollidos nas accións 131 e 171 grazas á denominada «dimensión internacional» do dito programa. Con respecto a esta última, relativa á mobilidade con países asociados de fóra da UE, no ano 2023 aumentamos os países participantes ao afianzar a zona xeográfica dos Balcáns Occidentais e os países de veciñanza do leste como Ucraína. Como

novidade, coa intención de ampliar as áreas xeográficas solicitamos e concedéronnos fondos para África Subsahariana e para Asia, en concreto Cabo Verde e Bangladesh. É preciso recordar que a acción 171 está principalmente encamiñada á accións de cooperación ao desenvolvemento.

No programa SICUE de mobilidade entre universidades españolas seguimos a asinar, renovar e aumentar o número de áreas nos convenios existentes con todas as universidades públicas e algunhas privadas.

A captación de fondos e a presenza da UDC en alianzas estratéxicas internacionais segue medrando a través da participación en proxectos do programa Erasmus+, tanto como institución coordinadora como participante. A colaboración iniciada neste sentido cos campus de especialización e en concreto co Campus Industrial de Ferrol, facilita o aumento progresivo de solicitudes.

Dentro do programa *Universidades Europeas*, a UDC asinou en 2023 un convenio de participación na alianza de universidades EMERGE xunto con 8 universidades de Irlanda, Francia, Alemaña, Grecia, Chipre, Eslovaquia e Noruega.

Canto á docencia en inglés nos nosos títulos, esta mantívose estable no último ano. Debemos salientar que seguimos a ser referente no SUG neste aspecto.

Dentro das actividades de promoción internacional destacan a asistencia a eventos de *networking*, sesións de cooperación transnacional organizadas pola EU e feiras do sector (EAIE), en que se fomenta a colaboración con outras universidades e se visibilizan os fitos conseguidos pola UDC. A promoción e a visibilización da UDC complétase coa organización anual da *Staff Week* que atrae persoal de todo o mundo, non só para a aprendizaxe da lingua española e a cultura galega, senón tamén a demostración das capacida-

des da universidade. Algo similar sucede coa *International Summer School*, unha ventá aberta da UDC cara ao mundo que incrementa o número de estudante e profesorado que participa anualmente.

A nova convocatoria das Axudas á Internacionalización foi un dos eixes fundamentais da promoción internacional, coas súas accións para potenciar o establecemento de titulacións duplas ou conxuntas, a participación en proxectos europeos, a organización de escolas de verán, a colaboración estable para programas de docencia en inglés e a acción estrela, as axudas para docencia en América Central e do Sur como área estratéxica.

No campo da internacionalización na casa, en 2023 destaca a participación e a organización dun BIP (*Blended Intensive Program*), financiado polo programa Erasmus, e o aumento das iniciativas COIL, programas de aprendizaxe colaborativa en liña. Ademais, neste campo seguen a publicarse as convocatorias de profesorado visitante de fala inglesa e as convocatorias de competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros impartidos polo Centro de Linguas. Incrementouse, así mesmo, a oferta de cursos para fins específicos en inglés. Despois da parada causada pola pandemia retomáronse os cursos presenciais de español para alumnado estranxeiros.

■ INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

A UDC continuou no ano 2023 coa súa aposta de futuro pola sustentabilidade e levou a cabo importantes e destacables accións relacionadas co aforro e a eficiencia enerxética.

Nesta esencial liña de traballo, este ano preparouse a licitación para once das subvencións do Instituto da Enerxía de Galicia (INEGA) con fondos MRR (Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia) 2021-

2024, dentro da iniciativa europea Next Generation, en relación con once instalacións fotovoltaicas para outros tantos centros universitarios.

As novas instalacións, que estarán en funcionamento a mediados do ano 2024, proporcionarán un importante aforro enerxético, trátase dunha aposta polo autoconsumo de enerxía alternativa e próxima. Producirase un aforro na emisión de CO₂, peza clave na loita contra o cambio climático, e tamén un aforro económico notable.

Realizáronse obras para a reposición completa das cubertas do Pavillón de Estudantes de Elviña, LERD, e do Pavillón 2 da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, INEF, ambas con relevante implementación de illamento térmico.

A plataforma informática propia da UDC segue a crecer, incorporando datos procedentes dos diferentes centros da nosa universidade, vinculados ao consumo de electricidade, gas, auga e xeración térmica. Recóllense tamén datos referentes á ocupación de espazos, temperatura, humidade, calidade do aire e concentración de radon.

Dentro da programación da creación de novos espazos para a docencia e a investigación licitouse e contratouse a redacción do proxecto básico e de execución para o Edificio de Investigación e Innovación na Industria (EI3). O edificio servirá para ampliar o campus de Ferrol e potenciar as súas capacidades investigadoras.

No edificio do CITIC realizáronse as obras de ampliación para la implementación de dos novos laboratorios multiuso e o acondicionamento dunha zona de comedor-estancia de lecer.

Así mesmo licitouse a redacción do proxecto básico e de execución para o novo Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions

(CITIC) da Cidade das TIC da Universidade da Coruña.

Por outra banda, dentro do Convenio UDC-Concello Coruña, plantáronse de 60 “quercus robur” no entorno da Facultade de Informática, e outros tantos árbores de especies variadas enchendo os lugares dos que desapareceran, para incrementar os lugares agradables e saudables nos nosos campus.

Instaláronse catro estacionamentos seguros de bicicletas no campus Elviña-Zapateira, resultado tamén da xestión co Concello de Coruña.

— Avances na Cidade das TIC

Inaugurouse en outubro de 2023 o Centro de Servizos Avanzados (CSA), o primeiro edificio da Cidade das TIC. En novembro o fixo o Galaxy Lab do Instituto Tecnolóxico de Galicia.

No ano 2023 contratouse o proxecto de mellora de accesos e dotación de subministracións básicas para a súa posta en funcionamento inicial, financiado con fondos procedentes dun convenio co Concello da Coruña. A obra finalizará na primeira metade deste ano.

A Deputación da Coruña sacou a concurso o proxecto dun edificio de nova planta para estudio virtual con tecnoloxía emerxente e punteira en produción audiovisual. Durante 2023 tamén licitou e contratou a obra que xa comezou.

— Medio ambiente

A Oficina de Medio Ambiente (OMA), dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, continúa as súas actividades con moito éxito, como o curso “Campus, Casa e Cidade: Laboratorios do Cambio”, dentro do proxecto “Educando para a Sustentabilidade”. Este ano realizouse unha primeira

experiencia dun mercadillo de troco e pasos para a creación dunha rede UDC de intercambio de bens e obxectos.

Tamén continuou o programa Green Campus, en que participan xa case todos os centros docentes da UDC. Este ano 2023 incorporouse un centro ao programa e foron avaliados positivamente 5 centros, un novo e catro renovacións da Bandeira Verde.

Por outra parte, mantivéronse as actividades relacionadas coa protección da biodiversidade, como a xestión do monte da Fraga, a caracterización de residuos e o mantemento dos puntos de compostaxe, as campañas de aforro de auga, enerxía e papel, o uso da bicicleta, a xestión das hortas urbanas comunitarias de Elviña...

No ano 2023 presentouse o roteiro interpretativo do Monte da Fraga a candidatura Sendero Azul e foi galardoado coa Bandeira Azul.

No eido da mobilidade sustentable en 2023 mantívose o programa de préstamo de bicicletas ordinarias, pregábeis e eléctricas e realizáronse actividades formativas no uso da bicicleta e accesos campus-cidade.

Tamén tiveron continuación outras actividades como os premio UDC en materia de sustentabilidade e economía circular para TFG e TFM, este ano co apoio do programa de Responsabilidade Social Corporativa “We Sea” de Conservas Rianxeira.

Todo o traballo realizado estase vendo reflectido nos resultados obtidos pola UDC no Ranking GreenMetric: na publicación do 6 de decembro de 2023 seguimos a ocupar a quinta posición entre as 29 universidades españolas avaliadas. No ámbito internacional, a nosa universidade atópase na posición 110 das 1183 universidades estudadas, o que a sitúa no 10 % das universidades líderes no mundo e a primeira do Sistema Universitario Galego.

■ ALUMNADO

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, co apoio das distintas vicerreitorías, mantivo ao longo do ano 2023 unha interlocución aberta e permanente co estudantado da UDC a través dos seus representantes, e co conxunto do alumnado, para coñecer de primeira man as circunstancias que lles estaban afectando e potenciar a participación en representación estudiantil.

Desde esta vicerreitoría publicáronse 14 convocatorias de bolsas, axudas e premios para o estudantado, en que se puxo especial atención nas financiadas con fondos propios da UDC para que ninguén quede fóra da Universidade por problemas económicos. Investíronse máis de 2 500 000 € en convocatorias propias: prazas de aloxamento nas residencias universitarias da Coruña e Ferrol, axudas ao transporte urbano e metropolitano (bono-bus), bolsas comedor, axudas para o alumnado en situación de dificultades económicas, Premios Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos, axudas para os gañadores de Olimpíadas Científicas, bolsas Santander Progreso, bolsas de colaboración en departamentos e formación complementaria e bolsas para estudos de másteres universitarios oficiais. Ademais, desde o curso 2019-2020 estableceuse unha liña de axuda dirixida a estudantes con problemas de conectividade que se segue mantendo pola súa boa acollida. No curso 2022-2023, un total de 12 estudantes recibiron en préstamo un ordenador portátil e no curso 2023-2024, ampliouse a 23 estudantes.

É de salientar que, grazas á Convocatoria de axudas de dificultades económicas, 91 alumnos/as percibiron un total de 61 113,92 € e viron aliviada a súa delicada situación económica, xa que doutro xeito non poderían continuar os seus estudos. Das 8 969 solicitudes tramitadas de bolsas do Ministerio de Educación fóronlle concedidas 4 813 bolsas ao noso alumnado.

Hai que destacar que para os cursos 2022-2023 e 2023-2024 se asinou un convenio co Concello da Coruña para ofrecer unha tarifa plana universal para o alumnado dos campus de Coruña, para o que se estableceu na tarxeta Millenium o perfil de estudante universitario.

Coa finalidade de dar a coñecer a oferta formativa, os recursos e as posibilidades para o desenvolvemento dunha vida universitaria rica en experiencias, a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade organizou en colaboración co Concello da Coruña as XXIX Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional 2023 (XOUP), que se desenvolveron na ETS Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, en que houbo 3 640 inscricións ás actividades programadas. Mais de 50 persoas relatoras impartiron charlas de todas as titulacións de grao que oferta a UDC. O Servizo de Estudantes deulles soporte ás XOUP e atendeu as consultas do futuro estudante asistente no Punto de Información Permanente. Tamén participaron nestas Xornadas as asociacións estudiantís AETOG, BIG-BANG, CUACFM, ESN e FETSAC que interactuaron co alumnado.

Ademais, ofrecéronse máis de cen actividades de divulgación científica para o alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional. Por petición dos centros, no curso 2022/2023, un total de 70 docentes impartiron 134 charlas e obradoiros en liña ou presenciais.

Completamos as actividades de difusión cunha xuntanza híbrida cos orientadores e orientadoras escolares de Galicia, Asturias e León para dar a coñecer a oferta académica e as actividades de divulgación da UDC e toda a información relativa á ABAU. Preto de 200 orientadores se inscribiron nesta xornada que se realizou no CITIC coa posterior visita ás instalacións. É de destacar que na páxina web de Futuros Estudantes se creou un apartado específico para os Departamentos de Orientación, en que proporcionamos informa-

ción das nosas actividades de divulgación e potenciación das visitas ás nosas facultades e escolas, aos centros de investigación e aos institutos universitarios.

Coa intención de lle dar a benvinda ao noso estudantado e dar coñecer a oferta de actividades do curso académico 2023-2024, celebramos en setembro de 2023 unhas xornadas presenciais no Estadio Universitario de Elviña (no campus de Elviña) e na Praza de Humanidades (no campus de Esteiro) o xoves 21 de setembro. Nesta xornada festiva, a participación do estudantado foi de cerca de 3 000 persoas na Coruña e ao redor de 600 en Ferrol que gozaron de actividades deportivas, culturais e medioambientais. Contamos con 54 postos de diferentes servizos e unidades da UDC no campus de Coruña e 15 en Ferrol.

Para difundir a oferta académica de graos e a vida universitaria da UDC, impartíronse charlas nos centros educativos en Galicia e estivemos presentes nas feiras universitarias que se organizaron en Galicia, Oviedo, León e Bilbao.

■ EMPREGABILIDADE

En relación co emprego e a empregabilidade, no ano 2023 leváronse a cabo diferentes accións destinadas ao desenvolvemento de competencias para a mellora da empregabilidade do noso estudantado. Neste sentido, desde a Unidade de Emprego levouse a cabo unha nova edición do Programa de Mellora da Empregabilidade nos Centros da UDC (PMEC), o cal está conformado por tres módulos dedicados ao autoemprego, á procura de emprego por conta allea e á presentación de experiencias reais de inserción laboral.

En canto á formación, un ano máis impartíronse dous cursos en formato virtual en colaboración co CUFIE: Emprendemento e Autoemprego e Mellora da Em-

pregabilidade. Ambos os cursos intégranse dentro do Plan de apoio á aprendizaxe (PAA) destinado ao estudantado da UDC. De igual xeito, a Unidade de Emprego impartiu diferentes relatorios e seminarios por petición dos centros, alén de colaborar na impartición de charlas dentro de xornadas de orientación profesional de varios títulos do Plan de acción tutorial da Facultade de Economía e Empresa.

Ademais, por sexto ano consecutivo, organizouse o Foro Avanza, un punto de encontro entre o estudantado e os axentes do mercado laboral. Ao longo de dous días tiveron lugar relatorios, obradoiros e mesas redondas co fin de mellorar a empregabilidade do alumnado. O último día celebrouse unha Feira de Emprego, para a cal contamos coa presenza de entidades de todos os ámbitos de coñecemento, as cales tiveron un contacto directo co público nos mostradores informativos e un número importante delas levou a cabo presentacións corporativas e/ou simulacións de entrevistas e dinámicas de grupo.

O éxito da primeira edición en 2022 levou a que en 2023 se participe de novo no Programa Campus Rural de prácticas universitarias no medio rural, unha iniciativa xurdida da colaboración entre o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), o Ministerio de Universidades, e as universidades públicas españolas. O principal obxectivo desta iniciativa é incentivar a chegada de capital humano aos espazos máis despoboados e tratar así de dinamizar o seu tecido produtivo, social e institucional. No ano 2023 incrementouse o número máximo de prazas, que pasou de 12 (en 2022) a 20. De novo, o programa volveu ter moi boa acollida entre o estudantado.

Destacamos que a Universidade da Coruña participou en 2023, por segunda vez consecutiva, no programa EU Careers Ambassadors, un feito que aconteceu por primeira vez na nosa institución ao se tratar dunha selección de 5 universidades dentro do sistema univer-

sitario español. Con esta iniciativa trátase de facilitar a transmisión e a promoción das distintas oportunidades profesionais nas institucións europeas a través da figura dun estudante “embaixador” que actúa como contacto entre a Oficina Europea de Selección de Persoal (EPSO) e a Universidade.

A promoción da cultura emprendedora segue a ser un obxectivo principal desta vicerreitoría. Neste sentido, ofrecémoslles ao noso estudiantado e á comunidade universitaria oportunidades de participación en iniciativas vinculadas ao emprendemento. Destacamos a colaboración, por oitavo ano consecutivo, no programa “Explorer”. Este programa, auspiciado por Santander Universidades, ten por obxecto impulsar o talento novo e a xeración de proxectos innovadores nun contorno dixital, aberto e colaborativo. A diferenza das últimas edicións, en 2023 o programa desenvolveuse nunha única sede de xeito híbrido e baixo a coordinación da Unidade de Emprego.

Ademais, consolídase a nosa participación na iniciativa Startup Programme, da Fundación Junior Achievement. A finalidade deste programa é apoiar os/as estudantes nas súas capacidades emprendedoras e, se ben a súa base é virtual, complementase coa titulación por parte da Unidade de Emprego.

Así mesmo, en 2023 asinouse un convenio de colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para fomentar o emprendemento. Igualmente, convén subliñar que continuamos colaborando co Consorcio para desenvolver aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para potenciar aquel a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito da UDC.

Por último, é importante destacar que desde a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade se promove a colaboración en proxectos e estudos relativos á empregabilidade. Así, é preciso destacar o proxecto de xeración de coñecemento

sobre as necesidades de formación no mercado laboral, en colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e que se levou a cabo entre 2022 e 2023 grazas ao excelente labor de PDI e PTXAS da nosa Universidade. A Vicerreitoría tamén está a participar no “Estudio a empleadores de tituladas y titulados universitarios” da Comisión Sectorial de Asuntos Estudiantiles da CRUE e que abarca os anos 2023 e 2024.

A mellora da empregabilidade do noso alumnado require tamén dispoñer de boas ferramentas de diagnóstico. Por iso, o Observatorio Ocupacional da UDC continuou co seu labor de produción de datos útiles sobre inserción laboral, perfís demandados polas empresas, espírito emprendedor etc. Elaborouse o informe anual que permite coñecer o grao de inserción e as características do emprego dos egresados da UDC. O Observatorio, ademais, participou na nova edición do proxecto GUESS, que nos brindará datos sobre o espírito emprendedor do noso alumnado.

■ PERSOAL TÉCNICO DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A primeira das referencias que hai que facer nesta parte corresponde ao feito destacado de que no ano 2023 se realizou o proceso electoral sindical desde o día 8 de febreiro (inicio proceso) ao 9 de maio coas votacións nos distintos colexios. Este proceso desenvolveuse dun xeito excelente e no marco do Acordo do 28 de febreiro de 2023 entre as organizacións sindicais da UDC e a Xerencia da UDC.

No ano 2023 realizouse a oferta de emprego público do PTXAS da UDC:

- publicada no DOG do 31-05-2023, en que figuran un total de 28 prazas polo sistema de acceso libre e 36 polo sistema de promoción interna.

No DOG do día 10 de novembro publicouse a convocatoria do concurso específico para a cobertura de dúas xefaturas de servizo (de Rexistro, Documentación e Arquivo e de Persoal Docente e Investigador) do persoal funcionario técnico, de xestión e de administración e servizos.

No DOG do 31 de maio publicouse a convocatoria das 36 prazas persoal funcionario técnico, de xestión e de administración e servizos, correspondente á promoción interna da OEP do ano 2022.

Nos DOG do 22 de setembro e do 23 de decembro publicáronse as convocatorias das 15 prazas de persoal funcionario técnico, de xestión e de administración e servizos, correspondente ao acceso libre da OEP do ano 2022, 9 desas prazas resolvéronse antes de rematar o ano 2023.

Os procesos selectivos sinalados realizáronse grazas ao excelente labor realizado polos tribunais de selección e ao persoal do Servizo de PTXAS da UDC.

■ IGUALDADE

A Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) impulsou o programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non-discriminación para o alumnado. En colaboración co CUFIE ofertáronse 7 cursos con diferentes temáticas. Do total, dous cursos foron dirixidos ao alumnado dos distintos graos de Ciencias da Educación, e do Máster Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, coa finalidade de reforzar a formación en igualdade do futuro profesorado. Ofertáronse tamén dous cursos dirixidos a alumnado do grao en Comunicación Audiovisual para cumprir así coas finalidades do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero ao impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os/as futuros/as profe-

sionais dos medios de comunicación. Ademais, ao plan de formación, engadíuselle o deseño dun curso offline totalmente virtual dirixido a toda a comunidade universitaria sobre masculinidades e relacións de xénero.

Dada a problemática que existe nos cursos ofertados de formación en igualdade e prevención da violencia machista, onde se matriculan fundamentalmente mulleres, ofertáronse outros dous cursos para alumnado da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF) e a Facultade de Informática. Incidiuse especialmente en impartir esta formación ao alumnado en graos moi masculinizados, co fin de conseguir unha maior participación de alumnos, e acadouse de forma satisfactoria este obxectivo.

No caso do profesorado, deseñáronse dous cursos dirixidos tamén ao persoal docente e investigador, coa finalidade de garantir unha formación en igualdade e de prevención das violencias machistas de forma continua. O primeiro pretende sensibilizar en materia de igualdade de xénero ao introducir a perspectiva de xénero na docencia e ofrecer ferramentas prácticas para a súa aplicación, así como dar a coñecer os principais medios, fundamentalmente o plan de igualdade e o protocolo de acoso, con que conta a UDC para a promoción da igualdade para actuar fronte ás violencias machistas. O segundo curso céntrase na construción de masculinidades igualitarias para a prevención das violencias machistas.

Co obxectivo de fomentar a inclusión da perspectiva de xénero nas materias das distintas titulacións, este ano completouse con tres novas guías a colección de guías en galego para unha docencia con perspectiva de xénero. Esta iniciativa fíxose en colaboración coas oficinas das tres universidades do SUG.

A asistencia ao XVI Encontro de Unidades de Igualdade, organizado os días 1 e 2 de setembro en Valladolid pola Red de Unidades de Igualdad de Género

para la Excelencia Universitaria (RUIGEU), supuxo un punto de encontro e intercambio de experiencias en relación ás políticas universitarias en materia de xénero, especialmente aquelas introducidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

O 9 de xuño celebrouse en Vigo a oitava edición das Xornadas Universitarias Galegas en Xénero, organizadas polas tres universidades do SUG, baixo o lema «Epistemoloxías feministas en acción».

O 24 de novembro organizouse na Facultade de Dereito a xornada “As violencias sexuais desde a perspectiva penal e médico-forense”, dirixida ao seu alumnado. Abordáronse os aspectos xurídicos vinculados ao tratamento penal das violencias sexuais producidas por submisión química, pornografía ou agresións sexuais múltiples.

Respecto ás actividades de difusión, aproveitouse a xornada de benvinda ao novo estudantado para dar a coñecer a OIX. Colocáronse dous puntos informativos, un por campus, e por primeira vez un punto violeta con ocasión do concerto que tivo lugar ao final da xornada.

A Oficina xestionou diferentes consultas relacionadas con situacións sexistas e/ou machistas e o protocolo de acoso, e ofreceu asesoramento tanto a centros como a persoas. Xestionáronse 19 solicitudes de intervención relacionadas con casos de acoso sexual ou por razón de sexo e 2 por violencias LGTBIfóbicas. Así mesmo, o Consello de Goberno aprobou, o 20 de decembro de 2023, un novo protocolo axustado á nova Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria, que ten por obxecto promover a eliminación de toda forma de violencia, e de discriminación e acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais, incluíndo tanto medidas de prevención como de resposta.

A Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) e a Unidade de Atención á Diversidade (ADI), a través do Servizo de Atención á Comunidade Universitaria LGTBIQ+, foron os órganos responsables da elaboración e tamén o serán da aplicación deste protocolo.

O III Plan de Igualdade da UDC tamén foi aprobado o 20 de decembro polo Consello de Goberno, Este plan é, por tanto, unha estratexia coordinada e compartida que busca sumar esforzos e vontades de todas as facultades, escolas, departamentos, servizos e entidades dependentes da UDC, con vistas a seguir adiante na consolidación dunha sociedade máis equitativa. En consecuencia, ten como público destinatario o conxunto da nosa universidade, porque o seu obxectivo é a igualdade real e efectiva de oportunidades, dereitos e obrigas de todas as persoas da comunidade universitaria.

Con esa finalidade deseñáronse as medidas recollidas no plan, que distingue cinco eixes de traballo, desde a promoción da igualdade na gobernanza e nas políticas universitarias de forma transversal, como a inclusión da perspectiva de xénero na actividade docente, investigadora e de transferencia, pasando polo impulso da formación, sensibilización e comunicación, a prevención e intervención fronte ás diferentes formas de violencia de xénero, a máis grave expresión da desigualdade, ata o eixe de medidas que melloren a conciliación, a corresponsabilidade e o benestar.

Publicouse un novo número do noso xornal DESLÍGATE. Como en anos anteriores, trátase dunha campaña onde se simula un xornal deportivo, coa finalidade de mostrar novas sobre as mulleres no deporte tanto no que respecta aos logros deportivos, moitas veces invisibilizados.

Por último, convocouse unha nova edición do concurso para premiar os mellores proxectos fin de grao

ou fin de máster con perspectiva de xénero, en que se ampliou a contía destinada aos segundos premios. Nesta edición dos Premios Ángeles Alvariño foron premiados dez traballos que destacaron pola súa calidade e orixinalidade, ademais da acertada metodoloxía que se usou para incluír os aspectos de xénero en temáticas moi diferentes. Dentro do plan de comunicación do protocolo da UDC, publicouse un concurso de creacións artísticas para o promover entre a comunidade universitaria.

Pola súa banda, o CEXEF levou a cabo diferentes actividades grazas a un convenio co Concello da Coruña.

■ CULTURA

O 2023 supuxo un crecemento de asistencia na programación cultural. Sen dúbida, gozou da participación do público en xeral e foi un ano marcado pola abundancia de visitas ás exposicións acollidas en Normal, o éxito das actividades a elas asociadas, así como polo regreso do Festival de Teatro Universitario da Coruña (FITEUC) que se desenvolveu no Fórum Metropolitano (A Coruña) os días 18, 25 e 26 de abril, con grande afluencia de público e con pezas tanto de teatro como de danza.

Respecto aos obradoiros, contaron cunha ampla matrícula tanto no campus de Ferrol (Centro Cultural Universitario) como no da Coruña (NORMAL, Espazo de Intervención Cultural).

Dando continuidade ao acordo asinado coa Fundación María José Jove no ano 2021, en 2023 foi convocada a III Edición do Programa de Residencias Artísticas NORMAL-FMJJ que ofertou, como na anterior convocatoria, dúas residencias. Recibíronse 170 solicitudes procedentes de todo o mundo.

Así, tamén se realizou o encontro II Encontro «Dentro e fóra. Arte contemporánea en Galicia», a que acudiron os gañadores das residencias artísticas de 2022 e 2023 e reuniu a máis dunha trintena de artistas e axentes culturais. Máis aló das presentacións de proxectos, propiciouse o establecemento de redes colaborativas.

En NORMAL contouse con varias exposicións. «Derrotas: formas de pensar», de Jacobo Bugarín, Vicente Blanco, Salvador Cidrás, Silvia García e Carme Nogueira, e comisariada por Natalia Poncela, que se levou a cabo entre o 16 de febreiro e o 16 de maio. «Ante a inminencia», de Rubén Santiago, e comisariada por Susana González, desenvolveuse do 19 de outubro ao 19 xaneiro de 2024, ambas tiveron actividades asociadas e unha importante repercusión mediática.

O Coro Universitario ofreceu concertos ao longo do curso escolar.

Con motivo do Día das Letras Galegas, celebramos o Mes das Letras, cun recital poético dirixido por Olga Novo, Premio Nacional de Poesía 2020.

Celebrouse o Día da Danza, na liña de apoio que NORMAL, como centro de intervención cultural amosou e amosa cara ás artes performativas, coa prees-trea da peza de danza contemporánea “Á espera de...”, de Alba Fernández Coteló.

A maiores, organizáronse outras actividades musicais, charlas e actos como Este pandeiro que toco: O patrimonio de percusión nas mans das mulleres galegas, os concertos do Ola UDC Fest que pecharon o 21 de setembro no campus de Elviña a Xornada de benvida. As actuacións foron organizadas pola UDC en colaboración co Concello e a Deputación da Coruña. Entre outras actividades, representouse «Pequenas mentiras para contar grandes verdades», do grupo de teatro Chévere.

■ DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

A Unidade de Divulgación Científica da UDC (UDCC), en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística (SNL) participa desde 2019 na edición en galego do calendario científico escolar do Consello Superior de Investigacións Científicas. É un proxecto da FECYT cuxo obxectivo é contribuír a fomentar a cultura científica entre a xuventude e crear referentes que lle resulten próximos, así como promover as vocacións científico-técnicas, usando unha linguaxe non sexista, e aumentar a visibilidade das mulleres científicas e tecnólogas.

Convocóuse a II edición do Certame Cántame a túa Investigación coa finalidade de promover entre o noso alumnado as habilidades de comunicación e divulgación da ciencia.

A UDC colaborou na organización do festival de divulgación científica Pint of Science, que se celebrou na cidade da Coruña os días 22, 23 e 24 de maio. E tamén participou no Concurso #HiloTesis 2023, unha iniciativa de ámbito estatal da RedDivulga de Crue Universidades Españolas para promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuros ou recentes doutores.

Co gallo do Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, organizouse a actividade Atrévete a pescudar con elas! que trata de fomentar a visibilidade das contribucións ao coñecemento das mulleres no ámbito universitario e na ciencia en xeral, favorecer un contexto social en que as mulleres se vexan capaces e recoñecidas para elixir o seu futuro sen condicionamentos e sensibilizar a sociedade sobre a necesidade de erradicar estereotipos que condicionan a elección de estudos das nenas, adolescentes e mulleres novas. Realizáronse dous audiovisuais con diferentes investigadoras.

Convocouse a V edición dos premios ISABEL ZEN-DAL de Promoción do Pensamento Crítico en Edu-

cación Secundaria e Bacharelato coa finalidade de promover o pensamento crítico e a cultura científica. Presentáronse 27 solicitudes e concedéronse 3 premios por cada unha das dúas categorías.

Realizouse como novidade a iniciativa de Onda Ciencia, en colaboración con CUAC FM 103.4 a Radio Comunitaria da Coruña. Trátase da realización de podcasts co obxectivo de comunicar e difundir a investigación da universidade con varias persoas expertas nun campo en formato de diálogo dirixido ao público en xeral con temáticas vivas no diálogo social actual.

Tamén se realizou a convocatoria Divulgando o noso, coa finalidade de colaborar co persoal investigador para lle trasladar ao público contidos do seu labor de investigación a través do deseño de infografías científicas que se expuxeron na cidade herculina nas marquesiñas das paradas do autobús urbano.

Por terceira vez, en colaboración coas outras universidades públicas galegas, celebrouse o evento da Noite Europea das Persoas Investigadoras, GNIGHT, Participaron un centenar de persoas investigadoras e técnicas nas cidades da Coruña e Ferrol. Realizouse tamén un curso de formación en comunicación científica e tecnolóxica.

■ RESPONSABILIDADE SOCIAL

A UDC Saudable deu continuidade no ano 2023 ás accións centradas nas estratexias relacionadas coa alimentación e o benestar biopsicosocial na comunidade universitaria. Un novo eixe establecido foi a liña sobre mulleres e saúde.

No pasado ano 2023 ofreceuse un amplo abano de conferencias e infografías sobre alimentación e turismo saudable e sustentable, alimentación vexetariana

e vegana, nutrición para deportistas, comer fóra tamén pode ser saudable, entre outras. Incorporáronse dez convenios con entidades externas. A UDC Saudable consolidou a súa colaboración coa plataforma One Health, e continuou a colaborar cos programas Green Campus, a Área de Deportes (asesoramento de deportistas de elite), a creación dunha Escola de Alimentación UDC Saudable en colaboración con UFA-CUFIE e tamén con Espazo Compartido na inclusión en materias de titulacións oficiais do alumnado con discapacidade intelectual.

O IX Outubro UDC Saudable foi co-organizado pola Facultade de Turismo. Ademais, debido á necesidade de manter estratexias de concienciación e comunicación da promoción da saúde, repetíronse e incorporáronse diversas e numerosas campañas sobre Habilidades para a Vida e de REUPS e UDC saudables mensuais: saúde mental, suicidio, tabaco ou diabeite, entre moitas outras.

O programa de atención psicolóxica á comunidade universitaria Afrontemos, que se puxo en marcha en novembro do ano 2020, consolidouse no ano 2022 e normalizou o seu funcionamento durante o 2023 no relativo á lista de agarda. Trátase dun programa de atención especializada (intervención psicoterapéutica executada por especialistas de psicoloxía sanitaria e clínica) dirixido a quen poida estar pasando por unha situación de crise psicolóxica. É un servizo gratuíto da UDC a que se pode acceder de xeito presencial ou en liña.

A Unidade de Atención á Diversidade (ADI) atendeu as solicitudes de 87 persoas con discapacidade e/ou necesidades específicas de apoio educativo relacionadas con axustes sobre o seu currículo educativo universitario. Neste sentido, a Unidade continuou coa súa atención personalizada e a emisión de informes individuais para cada unha destas persoas, que se lles fixeron chegar aos centros a través da rede de titores/as de diversidade. Mantívose o sistema de atención

ao alumnado por videoconferencia no caso de que o precisasen, para chegar a aquelas persoas que por motivos de saúde ou persoais non se podían desprazar ao campus.

A Unidade mantivo a súa participación na Rede SAPDU, que engloba todos os servizos similares das universidades españolas. Froito desta participación xorden moitas sinerxías de traballo importantes (encontros virtuais, campañas de divulgación etc.) e durante o curso 2022-2023 a ADI-UDC continuou levando a Secretaría da Rede SAPDU e a coordinación do grupo Comunicación e TIC dentro da Rede, pertencente á CRUE-Asuntos Estudiantís.

Un fito importante para a unidade neste curso 2022-2023 foi a apertura do servizo de atención á comunidade LGTBQ+, dentro do cal se fixo un esforzo especialmente importante na creación de campañas de difusión e formación de persoas da comunidade universitaria, ademais de reforzar a atención de todo o colectivo. Deste esforzo xorde tamén o apoio á creación da primeira asociación estudantil do colectivo e a participación máis activa da ADI na RUD (Rede Universitaria pola Diversidade), que engloba aquelas universidades que contan con atención específica a alumnado da comunidade LGTBQ+.

Tanto as campañas implementadas (#EsmorgaCollection e #MoitoOrgullo), como as guías sobre persoas trans publicadas durante o curso 2022-2023 constituíron un importante esforzo por promover unha universidade máis respectuosa coa diversidade e a inclusión.

O Programa Espazo Compartido desenvolveu a súa V Promoción, do bienio 2021-2023. Esta promoción estivo formada por 17 estudantes que cursaron as materias teóricas e prácticas do título e ademais participan en materias impartidas noutros títulos. Para este bienio deseñáronse dúas actividades de mobilidade, unha no ámbito nacional e outra no ámbito

internacional. No curso 2022-2023 levouse acabo a mobilidade internacional cun exitoso intercambio coa Universidade de Leiria (Portugal).

■ VOLUNTARIADO


A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) constrúe cidadanía crítica mediante un amplo programa de accións formativas e de sensibilización. Traballa a prol dos dereitos humanos e a xustiza social a través dunha convocatoria de educación para o desenvolvemento e coordinando 23 proxectos propios de voluntariado no eido sanitario, do senfogarismo, da diversidade funcional, de maiores, en penitenciarías, de inmigración, de menores e de sensibilización. Ademais disto, promociona a metodoloxía de aprendizaxe-servizo entre a comunidade universitaria. En 2023 participaron un total de 1475 estudantes en proxectos avaliados pola comisión de Aprendizaxe e Servizo.

A OCV ofertou este ano 13 bolsas para persoas refuxiadas, en situación de protección internacional ou

que proceden de países que reciben axuda oficial ao desenvolvemento, para que continúen ou inicien os seus estudos superiores na UDC. Nesta liña tamén favorecemos os encontros virtuais entre alumnado da Universidade Autónoma de Honduras e da UDC para o intercambio de coñecemento.

A OCV facilita o coñecemento doutras realidades a través de bolsas no eido da cooperación ao desenvolvemento. Neste ano 2023 foron 6 alumnas e 2 PDI as persoas que se desprazaron ao terreo. Por outra banda, lidera o traballo de elaboración dunha estratexia común na UDC para a execución da Axenda 2030 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, para o que se reúne cos diferentes servizos da UDC.

En canto á formación, é de salientar unha mención singular para as diferentes xornadas de sensibilización e formativas en materia de inmigración, persoas refuxiadas, persoas sen fogar ou educación para o desenvolvemento etc., que se levan a cabo ao longo do ano e nas que participaron 130 persoas, ademais dos cursos propios de formación para o voluntariado de nova incorporación.



01A UDC en cifras / 2023

A UDC en cifras / 2023

	Curso 2023/2024	Curso 2022/2023
	2023	2022
Orzamento	168.442.809,17	147.925.010,60
Centros	23	23
• Facultades	15	15
• Escolas técnicas superiores	3	3
• Escolas politécnicas	2	2
• Escolas universitarias propias	3	3
• Escolas universitarias adscritas	2	2
Departamentos	26	26
Institutos	6	6
Centros tecnolóxicos de investigación	7	7
Titulacións oficiais (Graos e Másteres)	109	106
• Graos	47	47
• Programas de simultaneidade	7	7
Mestrados	62	59
Programas de doutoramento	39	39
Títulos propios de posgrao (Estudios propios) (2022/2023)	23	35
Persoal docente e investigador (PDI)	1.426	1.440
Persoal de Admón. e Servizos	788	775
Ratio PDI por cada PTXAS	1,81	1,86
Matrícula total (grao + máster + doutoramento)	17.304	17.166
Estudantes de grao	13.746	13.578
• Campus da Coruña	11.618	11.480
• Campus de Ferrol	2.128	2.098
Alumnado de novo ingreso en grao	3.504	3.485
Estudantes de máster	2.298	2.330
Estudantes de doutoramento	1.260	1.258
Estudantes en títulos propios (2022/2023)	212	200
Titulados en graos oficiais	2.077	2.107
Titulados en másteres oficiais	1.126	1.028
Teses de doutoramento	109	135
Mobilidade estudantes saíntes	352	391
Mobilidade estudantes entrantes	584	534
Ratio n.º estudantes por cada PTXAS	21,96	22,15
Ratio n.º estudantes por cada PDI	12,13	11,92
Alumnado Universidade Sénior	940	847
Grupos de investigación	127	128
Proxectos de investigación competitivos	86	97
Convenios/contratos de investigación	248	275
Financiamento externo para investigación	14.703.697	17.287.026
Patentes tramitadas	6	4
Gasto en fondos bibliográficos e documentais	2.432.028,35	2.365.704,59
Alumnado do Centro de Linguas	783	911
Número de convenios asinados	803	753




02 Órganos de Gobierno

ÍNDICE

página

• Equipo reitoral.....	4
• Secretaría Xeral.....	5
• Xerencia.....	5
• Claustro.....	6
– Principais acordos do Claustro Universitario.....	8
• Consello Social.....	9
• Valedora Universitaria.....	9
• Consello de Goberno.....	10
– Principais acordos do Consello de Goberno	11



Equipo reitoral

Reitor

Julio Ernesto Abalde Alonso

URL

<http://www.udc.es/reitor>

Correo-e

reitor@udc.gal

Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica

Domingo Calvo Dopico

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vepes/

Correo-e

vepes@udc.gal

Vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vepem/

Correo-e

vepem@udc.gal

Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte

Cristina López Villar

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vicd/

Correo-e

vicd@udc.gal

Vicerreitora de Infraestructuras e Sustentabilidade

Amparo Casares Gallego

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vis/

Correo-e

vis@udc.gal

Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vic/

Correo-e

vic@udc.gal

Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vpaid/

Correo-e

vpaid@udc.gal

Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Salvador Naya Fernández

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vpcit/

Correo-e

vpcit@udc.gal

Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vppd/

Correo-e

vppd@udc.gal

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

María Jesús Movilla Fernández

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vcfrs/

Correo-e

vcfrs@udc.gal

Secretaría Xeral

Secretario Xeral	URL	Correo-e
Carlos Aymerich Cano	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/	secretaria.xeral@udc.gal

Xerencia

Xerente	URL de Xerencia	Correo-e
Ramón del Valle López	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/	secretaria.xerencia@udc.gal
Vicexerente de Coordinación		
Ramón José Noguerol Gómez	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/	vicexerencia.coordinacion@udc.gal
Vicexerenta de Economía e Finanzas		
Ana Lozano del Río	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/	secretaria.vicexerencia.finanzas@udc.gal
Vicexerenta de Investigación e dos Asuntos Económicos da Investigación		
Yolanda Calaza Parajes	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/	secretaria.vicexerencia.investigacion.aeee@udc.gal
Vicexerenta do Campus de Ferrol		
María Jesús Caínzos López	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/	secretaria.vicexerencia.ferrol@udc.gal

Claustro Universitario

Membros natos	Jorge José Delgado Martín	María Isabel Martínez Lage
Reitor	Vicente Díaz Casás	Sandra Martínez Costa
Julio E. Abalde Alonso	Ana María Díaz Díaz	Montserrat Martínez Cebeira
Secretario Xeral	Raquel Díaz Seijas	Andrés Martínez Lage
Carlos Aymerich Canto	Montserrat Domínguez Pérez	Virginia Mato Abad
Xerente	Montserrat Durán Bouza	José María Mesías Lema
Ramón del Valle López	David Esteban Gómez	Jesús Mirás Araujo
Representantes dos profesores doutores con vinculación permanente	María Graciela Estévez Pérez	Estefanía Mourelle Espasandín
Miguel Alberto Abelleira Doldán	José Manuel Estévez Saá	Fermín Luis Navarrina Martínez
María Esperanza Acín Villa	Alberto Ángel Fernández López	Horacio Naveira Fachal
María América Álvarez Domínguez	Nuria Fernández Rodríguez	Salvador Naya Fernández
María Pilar Álvarez Barbeito	Jesús José Fernández Sánchez	María Cristina Naya Riveiro
Natalia Álvarez Lata	Enrique Fernández Blanco	Ana María Neira Pena
José Manuel Amado Paz	Carlos Fernández Lozano	Jorge Novo Buján
Margarita Amor López	Óscar Fontenla Romero	José Javier Orosa González
José Anta Álvarez	Cristina García Fontán	Marcos Ortega Hortas
Pablo Arias Rodríguez	Manuel García Torre	José París López
Pedro Ramón Armas Diéguez	Ricardo Antonio García Mira	Gustavo Paseiro Ares
Ángel Daniel Arós Rodríguez	Moisés Alberto García Núñez	Óscar Pedreira Fernández
Adriana Ivette Ávila Álvarez	Emilia Luísa García Arthus	Fernando Peña López
José Manuel Barreiro Viñán	Sonia García Vázquez	Manuel Peralbo Uzquiano
Amalia Blanco Louro	María del Pilar García de la Torre	Yolanda Pérez Sánchez
Félix Sergio Blázquez Lozano	José Ramón Garitaonandía de Vera	Juan Luís Pérez Ordóñez
Juan José Bueno Aguilar	Joaquín Fernando Gómez Varela	Gilberto Pérez Vega
José Manuel Busto Lago	Manuel Alberto Gómez Suárez	Manuel Pimentel Pereira
Mariano Javier Cabrero Canosa	María González Taboada	Andrés José Piñón Pazos
Fidel Cacheda Seijo	Anne Marie Elisabeth Gosset	Carlos Platas Iglesias
José Luis Calvo Rolle	Luís Hermida González	Federico Pomar Barbeito
Domingo Javier Calvo Dopico	Luís María Hervella Nieto	Luz María Puente Aba
Carolina Camba Fabal	Ana María Iglesias Galdo	Nuria Rebollo Quintela
Moisés Canle López	María Amalia Jácome Pumar	Carmen Rioboo Blanco
Ricardo José Cao Abad	Marcos Lema Rodríguez	Rosa Ríos Prado
Xosé Manuel Carril Vázquez	Carmen Socorro Lema Fernández	Juan Carlos Rivadulla López
Luís Castedo Ribas	Plácido Lizancos Mora	Juan Casto Rivadulla Fernández
Laura Milagros Castro Souto	Francisco Javier López Rivadulla	María Luisa Rodicio García
Ignacio Colominas Ezponda	Cristina López Villar	Beatriz Rodríguez Romero
Félix Córdoba Rodríguez	José López Rodríguez	María Esther Rodríguez Belmonte
Ángel Martín Costa Rial	María Teresa López Fernández	Santiago Rodríguez Yáñez
Adriana Dapena Janeiro	Margarita Lorenzo Durán	Manuel Romero Gómez
Carmen De Labra Pinedo	María Jesús Lorenzo Modia	Miguel Ángel Saavedra García
Fernando De Llano Paz	Rosa María Mariz Pérez	Xosé Manuel Sánchez Rei
	Fernando Martínez Abella	María Noelia Sánchez Maroño

Ana Sánchez Bello
Sergio Eduardo Santos Del Riego
Araceli Serantes Pazos
María José Servia García
Eva María Souto García
Juan Alberto Sucasas Peón
María José Tobar Vidal
María Belén Toja Reboredo
Enrique Juan de la Torre Fernández
Juan Touriño Domínguez
Alberto Valderruten Vidal
Francisco Alberto Varela García
Nuria Esther Varela Feal
Nancy Josefina Vázquez Veiga
Luis Ángel Veiga Fernández
Concepción Vidal Martín
María Teresa Vilariño Barreiro
Armando José Yáñez Casal
María Sonia Zaragoza Fernández
Representantes das restantes categorías do persoal docente e investigador
María Rocío Ameneiros Rodríguez
Fernando Pedro Bruna Quintas
María Dolores Fátima Candedo Gunturiz
Nereida María Canosa Domínguez
Noelia Collado Rodríguez
Patricia Comesaña Comesaña
Lucía Couceiro López
Cristóbal Crespo González
Gerardo Domínguez Feijoo
Sara Ferreño González
Pedro Gil Manso
Tania Gómez Sánchez
Manuel González Sarceda
Jorge Ledo Martínez
Ángeles María Longarela Ares
José María Losada López
Elena Martín Cancela
Sandra Martínez Bustelo
María Martínez Pérez
Acacia Naves García-Rendueles
Lúa Samantha Pena Peña
Manuel José Pombo Fernández
Luís Miguel Puente Castelo
Isabel Raposo Vidal

Enrique Rodríguez García
Emma Rodríguez Maseda
José Rouco Maseda
Alsira Salgado Don
Roberto Suárez Brandariz
Daniel Torrecilla Cillero
Ana María Vázquez González
Inés Viana Moldes
Tania Vieites Lestón
Representantes do estudantado
Lucía Agrelo Martínez
Carlos Teodoro Álvarez Finez
María Bañón Goiriz
Carla Berbia Castro
Francisco Enrique Blanco Ameijenda
Sara Violeta Bouzada Novoa
Alba Bueses Suárez
Leadly Marcela Calle Cristancho
Sergio Cascudo Barros
Gema Castro Andrade
Uxía Catoira Sabrojo
Valeria Oliva Cousillas Carrera
Jaime Delgado Naya
Laura Escobar Ocampo
David Esperante Rodríguez
Alejandro Esteban Martínez
David Fernández Álvarez
Alejandro Fernández Aradas
Fabio Ferreira Bestilleiro
Miguel Fidalgo Rodríguez
Ana Fraile Somoza
Marcos Galeote Merchán
Jaime García Álvarez
David García Mayobre
Pedro Gil Arregui
Nicolás Iglesias Cabrejas
Seny Kebe
Raquel Larrosa Mariño
Rocío Lojo Yáñez
María Luelmo Flores
Alejandro Mayorga Redondo
Jacobo Mejuto Pérez
Miguel Mosquera García
David Muñiz Loira

Alfredo Alejandro Orozco Vigil
Vanessa Parente González
Rubén Pérez Jove
Pablo Rey Rodríguez
Martíño Rivera Dourado
Leandro Alejo Rodríguez Álvarez
Irene Rodríguez Ríos
Pablo Rodríguez Pérez
Carolina Rodríguez Llorente
Gemma Rojo López
Carmen Sanmartín Fraga
Laura Sueiro Méndez
Carlos Torres Paz
Isidro Vigo Tarrío
Jennifer Vilar Lodeiro
Miriam Vilarnovo Allal
José Zar Varela
Representantes do persoal técnico de xestión e de administración e servizos
Rocío Blanco Pensado
Yolanda Calvo Díaz
Alicia María Cantarero Roldán
José Antonio Caramés Ríos
Susana Carballal Graña
Manuel Costa Fernández
María Antonia Crecente Maseda
Víctor Da Lama Novoa
María Amelia Fraga Mosquera
Alejandro Wenceslao García Zapata
Cristina Carmen González Nóvoa
Javier López Domínguez
Ana María López Pampín
Xaquín Lores Torres
Vanessa Loureiro Vázquez
María Teresa Mato Pintané
María Fe Mella Pérez
Vanessa Míguez Martín
Roberto Joaquín Nuez Sánchez
Juan Manuel Pernas Ladra
Rosa María Reinoso Justo
Laura Luísa Rodríguez Vázquez
Rubén Romero Rozas
Francisco Javier Romero Sánchez
Lidia Suárez Fernández
María Jesús Torres Labandeira

Principais acordos do Claustro Universitario en 2023


Claustro do 5 de maio de 2023

- Apróbase a Memoria de xestión do reitor 2022.

Claustro do 20 de abril de 2023

- Apróbase a elección de representantes do Claustro na Mesa do Claustro, no Consello de Goberno, e na Comisión Electoral Central.

- Apróbase a elección de Ana Dorotea Tarrío Fernández como Valedora Universitaria por acordo de maioría absoluta do Claustro.



Consello Social

Presidencia	María Luisa Cid Castro
Antonio Abril Abadín	Emilio Bruquetas Serantes
Membros natos	José Luis Veiga Castiblánquez
Julio Ernesto Abalde Alonso (reitor)	Gonzalo Ortiz Amor
Carlos Aymerich Cano (secretario xeral)	Designados polos sindicatos
Ramón del Valle López (xerente)	María José Calvo Orgeira
Representantes do Consello de Goberno	Andrés Marcos García
Salvador Naya Fernández (profesorado)	Camilo Pardo López
Gema Castro Andrade (estudantado)	Designados polas organizacións empresariais
Javier López Domínguez (PTXAS)	Antonio Fontenla Ramil
Designados polo Parlamento	María Teresa Valdés Blanco-Rajoy
Mar Barcón Sánchez	Clara de Lorenzo Rodríguez
María Xosé Bravo San José	Andrés Lucendo Monedero
Jaime Fernández-Obanza Carro	Designados polas corporacións locais
Ana Fernández Roca	María Victoria Suárez Taibo
Natalia Barreiro Mata	Juan Ignacio Borrego Vázquez
Inmaculada Rodríguez Cuervo	Designados polos colexios profesionais
Designados pola Xunta de Galicia	José María Arrojo Fernández
Telesforo Veiga Rial	Secretario Consello Social
Francisco Javier Abad Pardo	Jesús Spósito Prado

Valedora Universitaria

Valedora	URL	Correo-e
Ana D. Tarrío Tobar	http://www.udc.es/gobierno/organos_colexiados_e_estatutarios/valedor_universitario/	secretaria.valedora@udc.gal

Consello de Goberno

Membros natos

Julio E. Abalde Alonso (reitor)

Carlos Aymerich Cano (secretario xeral)

Ramón del Valle López (xerente)

Vicerreitores/as

Domingo Calvo Dopico

Amparo Casares Gallego

Mª del Pilar García de la Torre

María José Lombardía Cortiña

Cristina López Villar

María Jesús Movilla Fernández

Salvador Naya Fernández

Alberto Valderruten Vidal

Nancy Vázquez Veiga

Designados polo Claustro

Profesorado doutor con vinculación permanente

Margarita Amor López

José Manuel Busto Lago

Moisés Canle López

Laura Milagros Castro Souto

Enrique Fernández Blanco

Ricardo Antonio García Mira

Carmen Socorro Lema Fernández

María Teresa López Fernández

Fermín Luis Navarrina Martínez

Manuel Peralbo Uzquiano

Restantes categorías do PDI

Alsira Salgado Don

Daniel Torrecilla Cillero

Estudantado

Lucía Agrelo Martínez

Francisco Enrique Blanco Ameijenda

Gema Castro Andrade

Uxía Catoira Sabrojo

Miguel Mosquera García

Irene Rodríguez Ríos

Persoal técnico de xestión e de administración e servizos

Alicia María Cantarero Roldán

María Antonia Crecente Maseda

Representantes decanos e directores

Centros

Adriana Ivette Ávila Álvarez

José Luis Calvo Rolle

Félix Córdoba Rodríguez

Plácido Lizancos Mora

Andrés Martínez Lage

María Isabel Martínez Lage

Emma Rodríguez Maseda

Manuel Romero Gómez

Departamentos

José Luis Calvo Rolle

Xurxo Dopico Calvo

Matilde Massó Lago

Jesús Miguel Muñoz Cantero

Ana Sánchez Bello

Sonia Souto Camba

Carlos Vázquez Cendón

Institutos

Gabriela Alexandra Oanta Oanta

Representantes do Consello Social no Consello de Goberno

Jaime Fernández-Obanza Carro

Gonzalo Ortiz Amor

Inmaculada Rodríguez Cuervo

Representantes designados polo reitor no Consello de Goberno

Ramón Muíño Boedo

Mariano Cabrero Canosa

Javier Lopez Domínguez

Andrés José Piñón Pazos

Leandro Alejo Rodríguez Álvarez

Principais acordos do Consello de Goberno en 2023

Consello de Goberno do 26 de xaneiro

- Aprobación do Regulamento da matrícula condicionada en másteres universitarios oficiais da Universidade da Coruña.
- Aprobación do Procedemento de preinscrición e matrícula nos másteres universitarios para o curso académico 2023/2024.
- Aprobación da proposta de autorización de RPT 2022 do PDI.
- Aprobación das memorias finais de ano sabático do curso académico 2021/2022.
- Aprobación da proposta de autorización de cambio de area de coñecemento de PDI.

Consello de Goberno do 27 de febreiro

- Aprobación da proposta do Regulamento Disciplinar do Estudantado da UDC.
- Aprobación da proposta de modificación do Regulamento do Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña (CEID-UDC).
- Aprobación da proposta do procedemento para a elaboración do Plan Docente Anual (PDA) 2023/2024.
- Aprobación da proposta de oferta de emprego público do PDI - ano 2023.

Consello de Goberno do 30 de marzo

- Aprobación da cesión á Deputación da Coruña da parcela Z-02 da Cidade das TIC para o desenvolvemento do proxecto Ecosistema Dixital dos Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA).
- Aprobación da cesión á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia os edificios denominados "Centro de Ensino da Fábrica de Armas" e "Dispensario da Fábrica de Armas" da Cidade das TIC para a creación dun Centro de Formación Especializada en Novas Ocupacións relacionadas coa Transición Verde e Dixital na Cidade das TIC.

- Aprobación da solicitude dunha subvención nominativa para o cofinanciamento entre a Deputación da Coruña e a UDC da programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2023.
- Aprobación das Resolucións aos recursos presentados por Fermín Luis Navarrina.
- Aprobación da proposta do límite de prazas para o curso académico 2023-2024.
- Aprobación do calendario académico para o curso 2023-2024.
- Aprobación da modificación da norma de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario.
- Aprobación do procedemento para a tramitación das modificacións substanciais e non substanciais dos planes de estudo de grao e máster na UDC.
- Aprobación dos Principios e Valores democráticos, e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable no deseño dos plans de estudo dos títulos universitarios oficiais.
- Aprobación da modificación da memoria do Máster universitario en Avogacía.
- Aprobación das Táboas de Ponderacións e do Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Curso 2023-2024 – Anexo XIV.1 e Anexo XIV.2.

Consello de Goberno do 27 de abril

- Aprobación da proposta da Oferta de Emprego Público do persoal técnico de xestión e de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano.
- Aprobación do Regulamento para liquidar e tramitar as indemnizacións por razón de servizo (IRS) na UDC.
- Aprobación da modificación da Normativa mediante a que se establece o Procedemento para

o recoñecemento académico de créditos por participación en actividades universitarias de cooperación, solidarias, culturais, deportivas e de representación estudantil nos graos da UDC.

- Aprobación do Regulamento da matrícula condicionada en Másteres Universitarios oficiais da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 26/01/2023.
- Aprobación da solicitude dunha subvención nominativa para o cofinanciamento entre a Deputación da Coruña e a UDC da I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas.
- Aprobación do Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC.
- Aprobación da XII convocatoria para avaliar a actividade docente do profesorado da Universidade da Coruña (Programa Docentia) para o curso académico 2022/2023.
- Aprobación da proposta de prorroga da Normativa de dedicación do PDI.
- Aprobación da proposta do Procedemento de elaboración do POD para o curso 2023/2024.

Consello de Goberno do 24 de maio

- Aprobación do informe de aceptación da doazón por parte de INTERNACO S.A. para posterior remisión do Consello Social.
- Aprobación Regulamento de réxime interno da Facultade de Turismo.
- Aprobación da adquisición de 111 participacións da Spin Off da UDC Artificial Intelligence Indestia S.L.
- Aprobación da proposta de Calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento para o curso 2023/2024, aprobada pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento na súa reunión do 30/03/2023.
- Aprobación da proposta de modificación da composición da Comisión Interna de Universidade do programa Docentia.
- Aprobación da Instrución 1/2023-2024, da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, mediante a que se esta-

blece o procedemento de asignación das prazas vacantes e os seus prezos públicos nas residencias públicas universitarias da Universidade da Coruña.

- Aprobación da proposta da Listaxe definitiva dos Premios de Excelencia da UDC á mellor nota de admisión nos graos, curso 2022/2023.

Consello de Goberno do 28 de xuño

- Aprobación da aprobación de Declaración da excepcionalidade e singularidade do proxecto, para o desenvolvemento da Reforma da Antiga Residencia de Batallóns desenvolvida no Campus Industrial.
- Aprobación do Regulamento do procedemento de xestión das información recibidas no Sistema Interno de Información da UDC.
- Aprobación da proposta definitiva de concesión de premio extraordinario do Master en Enxeñaría da Auga correspondente ao curso académico 2021/2022.
- Aprobación da oferta de estudos propios para o curso 2023/2024.
- Aprobación das modificacións non substanciais dos planos de estudos impartidos nos centros acreditados institucionalmente para a súa implantación no curso 2023/2024.
- Aprobación das propostas de novas titulacións e modificacións de títulos universitarios oficiais para a súa implantación no curso 2024/25.
- Aprobación da modificación do Regulamento disciplinar do estudantado da Universidade da Coruña.
- Aprobación da modificación da Normativa do/a deportista de alto nivel da UDC (DANUDC).

Consello de Goberno do 19 de xullo

- Aprobación das contas anuais 2022 da Universidade da Coruña.
- Aprobación da proposta de modificación puntual da RPT de Persoal Técnico e de Xestión de administración e servizos da UDC.
- Aprobación da integración informática e contable da UDC no programa XUMCO.

- Aprobación do Regulamento de réxime interno do Centro Interuniversitario de Investigación en Paisaxes Atlánticos Culturais (CISPAC).
- Aprobación da proposta de modificación do Programa de doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información para o curso 2024-2025.
- Aprobación da modificación do calendario académico para o curso 2023-2024.
